

25 NOVEMBRO EMMA GARCÍA

Hoxe é 25 de Novembro e estamos aquí reunidos para conmemorar o día internacional contra a violencia de xénero, unha chamada de atención global para reflexionar sobre a alarmante persistencia desta.

A violencia de xénero é unha das violacións dos dereitos humanos máis estendidas, persistentes e xeralizadas do mundo. A violencia non distingue idade, raza ou estatus socioeconómico. Estímase que, no mundo, 736 millóns de mulleres -case unha de cada tres- foron vítimas de violencia física e/ou sexual polo menos unha vez na súa vida. No noso país xa superamos o número de mortes por violencia de xénero respecto ao ano anterior con 51 mulleres asasinadas ata o día de hoxe.

Esta situación debe cambiar. E todos e cada un de nós somos responsables e debemos tomar conciencia e sensibilizarnos sobre este tema.

Por exemplo, moi a miúdo escoitamos comentarios sobre a violencia de xénero, estou segura de que che soa algún:

“se o home a maltrata é porque algo faría ela para que el actúe así”

“se o home a maltrata a culpa é dela por consentilo”

“se o home a maltrata é cousa deles”

“se o home a maltrata é porque foi maltratado na súa infancia”

“se o home a maltrata é porque ten problemas co alcohol ou as drogas”

“se o home a maltrata é porque é un enfermo mental”

Todos e cada un destes comentarios son mitos que a xente acostuma a dicir e que debemos desmentir:

e, NON

non todos os maltratadores son violentos

non todos os maltratadores foron maltratados

non todos os maltratadores son alcohólicos

non todos os maltratadores son enfermos mentais.

Moitos de nós temos a nosa opinión e diferentes expectativas de como queremos que sexa unha relación ou como debería de ser. Hoxe en día moitas xoves sofren e sufriron abuso e por iso é moi importante saber como debería ser unha relación sa e sen violencia. Debería basearse, principalmente, na liberdade, no respecto, na confianza, na comunicación, no diálogo e sobre todo, na igualdade.

A educación xoga un papel fundamental na prevención da violencia de xénero. Promover a igualdade de xénero desde idades temperás pode transformar actitudes e comportamentos arraigados na sociedade. Desafiando os estereotipos de xénero e fomentando a empatía, podemos sentar as bases de relacións baseadas no respecto mutuo.

En conclusión, o 25 de novembro debería ser máis que un día de concienciación un catalizador para o cambio. Desmontar mitos, educar as xeracións futuras e construír sociedades baseadas na igualdade son pasos esenciais. Só mediante o esforzo colectivo podemos crear un mundo onde a violencia de xénero sexa unha triste reliquia do pasado.